As necesidades orzamentarias máis urxentes son as seguintes:

-as derivadas de obradoiros e charlas para os programas de acción tutorial e orientación académico profesional

-compra do programa Orienta 2023-24

-compra de novos usos do Gestor Badyg

-material de adaptación curricular para FPB e ESO

- **Profesorado**

Este curso somos 34 profesoras e profesores. Un das prazas de inglés conta con dúas profesoras a media xornada. Non se adxudicaron as prazas de latín e grego.

Contamos con renovación dunha pequena parte do claustro (nalgún caso con praza definitiva, noutros con praza provisional).

## 2.2. ANÁLISE DE NECESIDADES

Co fin de realizar un plan de orientación contextualizado, empréganse como base os diferentes documentos do centro (P.E.C.), os datos da memoria final do curso pasado, as directrices sinaladas pola C.C.P, as inxerencias e intereses da comunidade educativa e, as instrucións realizadas pola Consellería de Educación para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade galega (Circular n.º 10 /2010).

- **Atención á diversidade**

É fundamental realizar unha proposta respondendo ás necesidades do alumnado. Esta resposta debe ter en conta o análise realizado polo Departamento de orientación e ser realizada en coordinación coa dirección e os equipos docentes.

**Entre as necesidades máis destacadas estarían:**

-presentar a actualización do plan xeral de atención á diversidade, entregado o curso pasado, para a súa aprobación no claustro e consello escolar.

-participar da proposta de organización de medidas de atención á diversidade nas diferentes ensinanzas.

-establecer coordinación interna e cos equipos externos que realizan reeducación

pedagóxica e da linguaxe co alumnado con NEE de FPB.

-realizar propostas de coñecemento e sensibilización sobre as distintas diversidades, promover a comprensión e empatía, e enfatizar a mensaxe de que as persoas con diversidade funcional e as persoas con discapacidade son persoas con necesidades e dereitos.

-aumentar as propostas de benestar emocional de carácter preventivo.

-apoiar ao profesorado que ten que realizar AC e facer uso da aplicación PROENS.

-tramitar as becas de NEAE.

-realizar os informes psicopedagóxicos de derivación a servizos ou medidas educativas.

-seguir ao alumnado con problemas de absentismo colaborando co titor/a e a dirección na procura do cumprimento de asistencia na idade obrigatoria de escolarización.

-mellorar a atención do alumnado con NEE de CFPB tendo en conta as súas necesidades, e a lexislación vixente.

-solicitar persoal coidador para un alumno de 1º CFGM. Sofre desvanecementos e ten risco de dao por caída.

-coordinar e colaborar na cumplimentación da documentación referida ao alumnado repetidor, con reforzo ou que promociona con pendentes.

- **Plan Orientación profesional ao longo da vida**

Nestes últimos cursos apreciamos varios **aspectos a ter en conta:**

Maior consideración da formación profesional como unha opción de futuro compatible con outros itinerarios educativos.

Consolidación dos ciclos formativos de grao básico como unha opción que logra manter no sistema a alumnado vulnerable que, logo, reconduce a súa situación continuando con Graos Medios ou iniciando itinerario laboral.

Incremento das relacións da coordinadora de FCT coas empresas da contorna.

Necesidade de seguir reforzando e dar valor as opcións de emprendemento nunha comarca con escaso desenvolvemento como é esta.

Maior interese entre as rapazas das últimas promocións por opcións vinculadas á ciencia e as novas titulacións.

Necesidade de buscar itinerarios para o alumnado con diversidade funcional e motivalos a



continuar tendo referentes ilusionantes.

Falta de asistencia do alumnado de Bacharelato ás charlas de orientación.

Escasa demanda de información entre a poboación adulta con experiencia laboral ou educativa incompleta sobre o procedemento de acreditación, recoñecemento e avaliación de competencias (ARA) seguindo indicacións da Consellería.

**Os obxectivos a priorizar este curso estarían relacionados con:**

-Retomar as visitas e charlas ás universidades e manter a organización da Semana das Profesións.

-Necesidade de que o alumnado que abandona estudos o faga cunha opción na man. É importante que xefatura-dirección, ou o titor/a, deriven sempre ao/á alumno/a a orientación.

-Reforzar as soft skills no alumnado e a súa comprensión de que certas competencias reforzan as posibilidades de emprego.

-Necesidade de que o alumno estableza cinco posibles itinerarios ao finalizar etapa en función dos seus intereses, expediente académico e circunstancias persoais para que sempre teña opcións, tome conciencia de que non hai unha única posibilidade formativa e rebaixe presión.

- **Plan de acción tutorial**

É preciso continuar coas actuacións que xa se viñan realizando e reforzar os seguintes aspectos:

-a actualización do Plan de Acción Tutorial

-a redacción e coordinación de propostas de acción tutorial incluídas nos programas Iguála.t, Convive-t e Emociona-t.

-a mellora do benestar emocional do alumnado, introducindo programas de prevención e actuacións reactivas e ou de apoio ao alumnado con problemática emocional e/ou de saúde mental.

-o reforzo das estratexias, estruturas e programas que permiten ter unha boa convivencia e resolver conflitos, en especial, as técnicas restaurativas, as redes de apoio para evitar o acoso escolar, e a influencia de modelos positivos entre iguais.

-a igualdade de xénero e a comprensión das violencias de xénero. A pesar de que nos

últimos anos notamos un notable retroceso na aceptación de actuacións vinculadas coa violencia de xénero, parece que a situación comeza a voltar á normalidade. Cómpre seguir insistindo neste obxectivo.

-o desenvolvemento afectivo sexual, tratando de forma especial a pornografía e a prostitución, o consentimento, os comportamentos sexuais grupais, e a prevención de riscos.

-a identidade e coidado da imaxe dixital así como as relacións seguras nos entornos dixitais.

-a participación activa do alumnado na dinámica de centro.

-as condutas saudables, en especial, as que son contrarias ao consumo de sustancias que parecen repuntar: tabaco, porros e psicofármacos.

-a comprensión da diversidade en tódolas dimensións.

-o protagonismo do alumnado nos Ciclos Formativos de Grao Básico e Grao Medio dentro e fóra do centro.

-reforzo da comunicación e colaboración coas familias.

**En resumo, as necesidades que se detectan para este curso en relación aos tres plans son:**

-Coordinación, dinamización e deseño de actuacións dos Contratos Programa Iguála-t, Emociona-t, Convive e, a acción titorial.

-Apoio emocional personalizado ao alumnado con problemas de saúde mental e aumento das propostas preventivas vinculadas ao benestar emocional.

-Coñecemento da Lei do menor e as responsabilidades dos menores.

-identificación do acoso escolar, e importancia das redes de apoio.

-Mellora dos procedementos de resolución de conflitos e a cohesión dos grupos.

.-Continuade das accións vinculadas á violencia de xénero e o dereito á igualdade entre homes e mulleres, realizando dentro do posible propostas máis innovadoras e destacando a construción de modelos masculinos e femininos alonxados de valores machistas, introducindo de forma especial a pornografía e a prostitución, o consentimento, os comportamentos sexuais grupais, e a prevención de riscos.

-Elaboración de propostas para mellorar a implementación de programas preventivos

relacionados con condutas saudables: dependencias, conduta alimentaria, sexualidade, imaxe corporal, nutrición.

-Reforzo das actuacións relacionadas coa navegación segura, a imaxe dixital, e as condutas responsables nas redes.

-Actualización do Plan de Acción Titorial.

-Continuidade na identificación e avaliación de necesidades educativas e, organización/revisión da resposta educativa con marcado carácter inclusivo.

-Reforzar a comprensión das diversidades de todo tipo e a inclusión entre a comunidade educativa.

-Contribuír ao mellor coñecemento e atención das NEAE máis frecuentes no centro: TDAH, TEA, altas capacidades, dificultades na lectoescritura.

-Consolidar procedementos de comunicación e seguemento coas familias do alumnado con NEAE, en especial, entrega de probas.

-Mellorar a atención do alumnado con NEE que cursa Ciclos Formativos de Grao Básico.

-Aseroramento dos itinerarios formativos máis adecuados para o alumnado que non supera a ESO, agota o tempo de escolarización obrigatoria, abandoa a ESO coa finalidade de acadar o obxectivo de maior número de titulados e facilitar o mellor desenvolvemento persoal do alumnado con fracaso escolar.

-Continuación da promoción do espazo de coordinación tiores e titoras da ESO/FP Básica con Orientación como o espazo para o apoio da función titorial e o desenvolvemento dos programas de acción titorial, a coordinación dalgunhas actuacións de atención á diversidade, e o tratamento de problemas e necesidades detectadas nas titorías.

-Elaboración e implementación de programas e actuacións que faciliten a toma de decisións e a madurez vocacional desde o inicio da ESO, contribuíndo a que o alumnado defina progresivamente as súas metas persoais e se comprometa coa consecución dos seus obxectivos baixo criterios de respecto á diversidade evitando ademáis condicionantes de xénero.

-Colaboración na transición ao mundo laboral, especialmente do alumnado que abandoa o sistema educativo.

- Promoción e fomento da iniciativa emprendedora no alumnado de tódalas etapas.
- Continuidade da presenza do alumnado de FP Básica tanto na dinámica do centro como fóra do mesmo: colaboración en feiras educativas, en proxectos con CEIPs, etc.
- Difusión do itinerario de FP Básica como unha opción educativa que se axusta ás necesidades dalgúns alumnos/as e que contribúe a reconducir o seu itinerario académico, profesional e persoal.
- Aumento do protagonismo e integración do alumnado de FPB e FP Dual no centro.
- Asesoramento grupal e individual, ás familias e ao alumnado en todas as vertentes.
- Presentación do Plan Xeral de atención á diversidade ao claustro e Consello escolar para a súa aprobación.
- Coordinación e colaboración con servizos comunitarios na abordaxe de actuacións para a intervención do alumnado con problemas de saúde mental, en especial, ansiedade, trastornos de conduta e da personalidade.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS**

#### Obxectivos Xerais

- a) Contribuir á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individual.
- b) Previr as dificultades de aprendizaxe e atendela da maneira máis efectiva e pronta posible.
- c) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- d) Contribuir na axeitada relación entre os integrantes da comunidade educativa.
- e) Facilitar a madurez vocacional, a toma de decisións, a elaboración dun proxecto de vida e a transición ao mundo laboral.

## 4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

### 4.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

As accións prioritarias defínense en relación aos obxectivos específicos (en negraña) dos diferentes ámbitos de actuación do departamento:

#### ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBXECTIVOS / ACCIÓNS 1º TRIMESTRE	ETAPA
<p><b>Elabora proposta de obxectivos e accións a desenvolver en relación a este ámbito (durante o curso, especialmente en setembro-outubro).</b></p> <p>-Redacción do plan anual de orientación e difusión de propostas nas reunións de coordinación.</p>	Todas as etapas
<p><b>Colaborar na detección e identificación das necesidades educativas do alumnado (durante o curso, especialmente Setembro-Outubro)</b></p> <p>-Colaboración na avaliación inicial do alumnado mediante as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• revisión e entrega de documentos de recollida de información, orientacións para o desenvolvemento das xuntas.</li><li>• difusión e coñecemento de: protocolo de detección e orientacións metodolóxicas do alumnado con TDAH, características do alumnado con TEA, altas capacidades e dislexia.</li><li>• realización de probas grupais:<ul style="list-style-type: none"><li>- aptitudinais: Badyg-M (1º ESO)</li><li>- escritura: PROESC (1º ESO)</li><li>- lectura: PROLEC (en casos puntuais)</li></ul></li><li>• entrevistas coas familias cando sexa preciso,</li><li>• solicitude e revisión dos documentos que aportan datos da escolaridade do alumnado (expedientes, informes psicopedagóxicos, informes individualizados)</li><li>• contacto con servizos sociais e sanitarios, centros educativos</li></ul>	Todas as etapas

<p>anteriores, orientadores/as dos centros de procedencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• entrega ao profesorado de documento coas MAD aplicadas ao alumnado ao longo da súa escolaridade e observacións máis significativas.</li> <li>• recollida de novas propostas de avaliación psicopedagóxica</li> <li>• proposta ou análise de novas medidas de atención á diversidade ou revisión das actuais.</li> </ul> <p>-Inicio das valoracións psicopedagógicas e redacción dos informes pertinentes cando se detecten dificultades de aprendizaxe. Comunicación da forma de canalizar a petición.</p> <p>-Solicitude intervención EOE de se-lo caso.</p>	
<p><b>Propor a resposta educativa máis axustada ás necesidades do grupo e do alumnado con NEAE (Sept-Outubro).</b></p> <p>-Entrevista coa dirección, titores/as e equipos docentes para trasladar datos do informe psicopedagóxico e organiza-la proposta educativa grupal (reforzos por profesorado, cambios metodolóxicos...) ou individual (apoios, reforzos do profesorado, cambios metodolóxicos, pautas familiares, coordinación equipos externos...).</p> <p>-Organización das medidas de apoio e reforzo.</p> <p>-Actualización/ inicio de ACs; xuntanza de acordo, asesoramento sobre a súa realización, asesoramento ás familias sobre as actuacións no contexto familiar, envío á inspección.</p> <p>-Finalización e envío á inspección educativa da documentación referida a medidas extraordinarias: ACs e apoios fóra da aula.</p> <p>-información escrita ás familias das medidas iniciadas (reforzo educativo, apoio, desdobres...).</p> <p>-Deseño e implementación de programas ou accións específicas de intervención.</p> <p>-Asesoramento ás familias e colaboración conxunta en intervencións específicas: pautas a seguir, organización de obradoiros específicos.</p>	<p>Todas as etapas</p> <p>ESO/CFGB</p> <p>ESO</p> <p>ESO</p> <p>ESO</p> <p>Todas as etapas</p> <p>Todas as etapas</p>
<p><b>Redactar informes para BECAS NEAE cando se soliciten</b></p> <p>Neste curso tres solicitudes en FPB e unha en 1º Bacharelato.</p>	<p>Todas as etapas</p>

<b>Solicitud de persoal cuidador</b>	
Solicitud de persoal cuidador a tempo completo.	1º CFGB.
<b>Acordar cos orientadores/as dos centros adscritos os seguintes puntos referidos á atención á diversidade do alumnado que se matricula no IES:</b>	
-Continuidade na colaboración para realizar a proposta de alumnado exento de 2º idioma estranxeiro, incidindo na inclusión desta proposta nos informes dos titores/as do curso/etapa anterior.	
-Análise da evolución do alumnado entre as etapas, en especial, do alumnado repetidor.	
-Identificación das NEAE/NEE de forma temprana e aplicación de medidas de atención previsibles na ESO.	
-Seguemento de casos con NEAE, absentismo, problemas de saúde ou problemática familiar.	
<b>Actualización e comunicación das novidades ao equipo docente</b>	Todas as etapas
Coñecemento do documento pola vía que estableza dirección.	
<b>Seguimento dos casos con problemas de saúde mental ou nos que se detecta malestar emocional</b>	Todas as etapas
Entrevista co alumnado, seguimento, entrevista con familias. Entrevistas con outros especialistas externos.	
<b>OBXECTIVOS/ACCIÓNS 2º TRIMESTRE</b>	
<b>Informar ás familias da evolución dos seus fillos/as</b>	Todas as etapas
-reunións do titor/a e da orientadora cando se solicite ou se considere.	
<b>Continuidade programas/actuacións iniciadas no 1º trimestre</b>	Todas as etapas
<b>OBXECTIVOS/ACCIÓNS 3º TRIMESTRE E SETEMBRO</b>	
<b>Continuar as actuacións iniciadas no primeiro trimestre</b>	Todas as etapas
<b>Valorar a necesidade de novas propostas educativas</b>	Todas as etapas
-Realización de novas propostas para o vindeiro curso a partir do análise das necesidades do alumnado e os recursos do centro.	
--Propostas de flexibilización e fragmentación e envío de documentación.	ESO/Bach
<b>Realizar rexistro final da evolución do alumnado con NEAE.</b>	Todas as etapas
-Realización de informes anuais e de final de etapa.	



<p>-Registro do nivel de consecución dos obxectivos do alumnado con ACS, e dos obxectivos acadados pertencentes a outras etapas, cursos.</p> <p>-Realización de informes de apoios.</p>	
<p><b>Informar e asesorar sobre os itinerarios educativos máis adecuados para o alumnado</b></p> <p>-Comunicación da situación do alumno e das opcións que ten, así como orientación na toma de decisións.</p> <p>-Entrevistas co alumno/a e as familias (explicación de medidas, oferta educativa...)</p> <p>-Asesoramento individualizado ao alumnado que agota escolaridade/abandoa...</p> <p>-Asesoramento na elección de itinerarios educativos: materias, opcións...</p>	<p>Todas as etapas</p>
<p><b>Recoller no Consello Orientador a proposta inicial de alumnos/as para: FP Básica, exención 2º idioma estranxeiro, apoios, flexibilizacións, adaptación curricular.</b></p>	<p>Todas as etapas que contén con esa MAD</p>
<p><b>Iniciar o procedemento para aplicación de medidas de atención á diversidade extraordinarias.</b></p> <p>-Realización informes PMAR, de haber candidatos/as, e envío á inspección.</p>	<p>ESO</p>
<p><b>Informar e asesorar sobre as becas de n.e.e</b></p> <p>-Publicación nas aulas virtuais, blog, aulas, canais redes sociais de piensosientosoy, e chamada telefónica/entrevista coas familias.</p>	<p>ESO</p>
<p><b>Colaborar na recollida de datos solicitados pola Consellería</b></p> <p>-Cubrir e enviar os datos estatísticos solicitados: drorienta, drdadi etc.</p>	
<p><b>Recoller a información do alumnado procedente de Primaria que inicia a ESO no curso seguinte no noso centro.</b></p> <p>-Reunión co orientador, PTs e titores/as dos centros adscritos para poder organizar as medidas de atención á diversidade do novo alumnado: exencións de francés, apoios....</p>	
<p><b>Colaborar coa dirección na organización dos grupos do curso seguinte tendo en conta as MAD e necesidades detectadas.</b></p>	
<p><b>OBXECTIVOS/ACTUACIÓNS DURANTE TODO O CURSO</b></p>	
<p><b>Colaborar nos proxectos do centro que responden á mellora da resposta á atención á diversidade desde un enfoque inclusivo.</b></p>	<p>Todas as etapas</p>
<p><b>Realizar a coordinación e seguemento do alumnado, das medidas de</b></p>	<p>Todas as</p>

<p><b>atención e dos programas de prevención e intervención implementados.</b></p> <p>-Reunións P-T, xefatura de estudos-orientación, equipo docente, tutores, familias...</p> <p>-Coordinación cos servizos sociais, psicóloga do concello, servizos de saúde... que atenden ao alumnado.</p>	<p>etapas</p>
<p><b>Facilitar recursos ao profesorado para a implementación das accións previstas.</b></p> <p>-Préstamo e compra de materiais novos de consulta, reforzo, ampliación...</p>	<p>Todas as etapas</p>
<p><b>Colaborar coa dirección no análise de resultados das avaliacións e a proposta de intervención de selo caso.</b></p>	<p>Todas as etapas</p>
<p><b>Colaborar no coñecemento das funcións do XADE referidas ao rexistro de datos, concienciando da necesidade do rexistro telemático para asegurar a confidencialidade dos datos.</b></p> <p>-Difusión deste procedemento tanto nas reunións de coordinación como nas instrucións para realizar a avaliación inicial e os consellos orientadores.</p>	<p>Todas as etapas</p>
<p><b>Participar nas sesións de formación para as que a Consellería convoque aos orientadores/as.</b></p> <p>-Asistencia a xornadas, cursos, encontros...</p>	
<p><b>Colaborar na posta en marcha dos cambios derivados da implantación da LOMLOE.</b></p>	<p>Todas as etapas</p>
<p><b>Elaboración das enquisas solicitadas pola Consellería.</b></p>	
<p><b>Consolidar o procedemento de entrega de probas ás familias do alumnado con NEAE cando o solicitan.</b></p>	<p>Todas as etapas</p>

#### 4.1.2.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CURSO 23-24

As medidas de atención á diversidade para o curso 23-24 e o número de alumnos/as aos/ás que se lle aplica é o seguinte:

- Reforzo educativo, exención segundo idioma estranxeiro

Valoramos como positiva as reunións cos orientadores dos dous últimos cursos pasados e máis a reunión en xuño-xullo coas titoras e profesoras de pedagogía terapéutica dos centros de Primaria, que nos permitiron ter maior información do alumnado e mellorar a continuidade ou proposta de medidas para o alumnado.

Neste curso contaremos coa seguinte previsión de alumnos/as:

-1º ESO: 8 (4 + 4 alumnos/as).

-2º ESO: 7 (4+3 alumnos/as).

- PMAR

Propúsoxe pero, finalmente, denegouse a posibilidade de impartir este programa con catro alumnos/as.

- Apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria

A dirección é quen dispón os grupos e materias/módulos que contan con dous profesores/as.

- Adaptacións metodolóxicas para o alumnado con TEA/TDAH/dificultades na lectoescritura

O profesorado recibirá orientacións para atención do alumnado que precisa adaptación de probas, tempos, etc. No cadro de NEAE figura o alumnado con necesidades educativas que precisan de activación de protocolo.

- ACS:

-Actualizacións: unha en 1º ESO e outra en 2º ESO.

-Novas AC: unha en 2º ESO.

- Flexibilizacións:

Dous dos alumnos de 1º Ciclo formativo de Grado Básico con NEE contan con flexibilización modular. Esta medida non resolve as necesidades dos alumnos, pero foi

a única opción que atopamos para que o alumnado non fose expulsado do sistema educativo mentras non se confirmaba a posibilidade de realizar unha adaptación curricular agora que a LOMLOE o contempla.

- Apoio da especialista en pedagogía terapéutica

Apostamos por apoios inclusivos tal e como indica a normativa. A profesora de PT realizará os seguintes apoios en 1º e 2º ESO, e en 1º e 2º FPB:

-nas **sesións de exención de 2º idioma estranxeiro** de 1º ESO, o alumnado dos dos grupos compartirán sesión. O mesmo sucede co alumnado de 2º ESO. A exención de 2º idioma estranxeiro empregarase para traballar a competencia lingüística, as dificultades específicas de lectura e escritura, e as técnicas de traballo intelectual que permiten organizar e planificar o traballo, sempre que se poida con textos das materias de xeografía e historia, e bioloxía e xeoloxía.

-**apoios dentro da aula:** os recursos priorizaráanse na etapa secundaria obligatoria pero, tendo en conta que contamos con ACNEE que precisarían AC nos dous cursos da FPB, planificaremos dúas sesións para cada nivel desta formación básica que tamén dá opción ao título de graduado en educación secundaria.

-**apoios fóra da aula:** o alumnado de 1º e 2º ESO con AC e NEAE importantes terá unha sesión conxunta.

#### 4.1.3 HORARIO ATENCIÓN ESPECIALISTA PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA

##### CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO HORARIO DE APOIOS

- Cumprimento do Decreto 229/2011 de atención á diversidade .
- Cumprimento do horario de aula do alumnado, apoio fóra na materia que ten nesa hora o grupo ordinario.
- Cumprimento da necesidade de dar respostas o máis inclusivas posibles.
- Atención prioritaria aos cursos inferiores e a etapa obrigatoria, facilitando a atención o máis tempranamente posible.
- Atención prioritaria na atención do alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe que precisan de atención máis personalizada.
- Atención prioritaria nas aulas con maior número de alumnos/as con NEAE.
- Atención prioritaria nas aulas con máis alumnado con MAD extraordinarias.

- Atención prioritaria nas aulas con maiores problemas condutuais ou conduta disruptiva.
- Prioridade nas materias nas que non hai desdobre, ou son impartidas por un único profesor/a, ou o profesorado ten máis dificultades para atender as necesidades do alumnado.
- Prioridade nas materias instrumentais.
- Reparto de horas o máis equitativo posible.
- Atención ás orientacións da etapa/curso anterior.
- Atención do alumnado con informe psicopedagógico.
- Continuidade dos reforzos do alumnado que viña contando con algunha MAD.
- Distribución das horas de RE dentro dunha aula ao longo da semana.
- Posibilidade de combinar medidas para atender ás NEAE (p.ex: se en Exención de segundo idioma estranxeiro refórzase lingua galega, no RE coa PT refórzase lingua castelá)
- Posibilidade de que a/o PT poida ser referencia para cada alumno/a dentro e fóra da aula, colaborando así na coordinación das medidas e o seguemento do alumnado

### SESIÓNS DE APOIO e HORARIO DA ESPECIALISTA PT NOS GRUPOS

Os reforzos realízanse dentro salvo cando se indica: fóra da aula.

CURSO 23-24	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45 09:35			MAT 1ºB	GARDA	
9:35- 10:25	LG 2ºB	C.A.FPB1	MAT 1ºA	C.A.FPB2	C.A. FP2
10:25 10:45					
10:45 11:35	C.SOC FPB1	LG 1ºB	LC 1º B	PAIS	
11:35 12:25	EX2IE 1ºA+B	LG 1ºA	EX2IE 1ºA+B	EX2IE 2ºA+B	MAT 1ºA fora + MAT 2ºB fora
12:25 12:45					
12:45 13:35	LG 2ºA	EX2IE 2º A+B		LC2º A	MAT 2ºA
13:35 14:25	LC1ºA	LC 2ºB			

O número de horas de apoio da PT en cada nivel educativo é o seguinte:

- **1º A:** LG+ LC+ Mat + Mat fóra+EX2IE(2) = 6 Sesións.
- **1º B:** LG + LC+ Mat + EX2IE(2) = 5 sesións.
- **2º A:** LG + LC + Mat + EX2IE (2) = 5 sesións.
- **2º B:** LC + LG + Mat fora+ EX2IE (2)= 5 sesións.
- **1º FPB:** SOC + CIEN = 2 sesións
- **2ºFPB:** CIEN(2)= 2 Sesións.

**ÁMBITO DA ORIENTACIÓN PROFESIONAL AO LONGO DA VIDA**

OBXECTIVOS CO ALUMNADO	ESO	FPB	BACH	Trimest
<b>Facilita-la toma de decisións</b>				
-Desenvolvemento do programa Toma de decisións.	X	X	X	2º-3º
-Difusión de eventos de orientación profesional	X	X	X	Convocatoria
-Organización Semana das Profesións:	X	X	X	2º-3º trimestre
• visitas/charlas de profesionais,	x	x	x	
• visitas a centros e empresas:	x	x		
-campus universitarios	x	x	x	
-centros de FP	x	x		
-escolas de arte, música, deportivas...	x	x		
-empresas	x	x		
• sesións de información e asesoramento grupal sobre opcións educativas e laborais (titorías coa orientadora, blog),	X	X	X	
• orientación laboral:	X	X		
- cv e entrevista	4º	2º		
- recursos	4º	2º		
• iniciativa emprendedora:	X	X	X	
- recursos e experiencias				
-Información e asesoramento individualizado sobre itinerarios a alumnado con dificultades na toma de decisións (incertidume, complexidade...) e ao que abandoa sen titular.	X	X	X	Durante o curso
-Actualización e difusión da aula virtual, blog, páxina de facebook, canais das redes sociais	X	X	X	Ao longo do curso

de piensosientosoy -Resposta a peticións de información e dúbidas, de forma presencial, telefónica e telemática (correo electrónico, blog, facebook).	X	X	X	Ao longo do curso
<b>Promocionar a iniciativa emprendedora</b> -Coñecemento de experiencias emprendedoras. -Edureferentes. Solicitude para que mulleres referentes no seu ámbito conten a súa experiencia e coñezan as softskills que demanda o mundo laboral	X	X	X	Ao longo do curso
<b>Facilita-la transición ao mundo laboral</b> -Desenvolvemento dos seguintes obradoiros: ▼ elaboración CV e realización entrevista laboral ▼ recursos busca de emprego -Derivación ao servizo de orientación laboral do concello ao alumnado que o precise.	4º/ alumn ado que aband oa X	X	x	2º  Segundo demanda
<b>Informar sobre as convocatorias para o alumnado con bo expediente: becas, premios (extraordinarios, excelencia académica, Bach...).</b> -Difusión a través da aula virtual, os titores/as, blog, páxina de facebook, taboleiros...	X	X	X	Na data da convocatoria
<b>Promociona-las axudas e proxectos para realizar cursos ou estudos no extranxeiro.</b> -Difusión a través da web, aula virtual, canais redes sociais piensosientosoy, coordinación de titores/as, taboleiro...	X	X	X	Na data da convocatoria
<b>Apoiar ao alumnado na súa transición á universidade</b> -Información sobre a ABAU mediante xornadas específicas no centro e/ou fóra do mesmo.			2º	1º-2º



-Entrega instrucións/materiais informativos.			X	2º-3º
-Información sobre axudas, residencias e servizos que ofrecen as universidades.			X	
-Información sobre os servizos universitarios que atenden ao alumnado con NEAE.			X	
<b>Actualizar os canais de información para o alumnado.</b>	X	X	X	Todo o curso
-Actualización da web, aulas virtuais, blog e canais das redes sociais de pensosientosoy, taboleiros, dossieres...				
-Difusión da páxina de face, canal telegram e o blog entre o novo alumnado.				
-Difusión da conta de correo e os recursos do blog para o asesoramento académico.				
-Inclusión na biblioteca dos exemplares da revista "Entre Estudiantes".				
<b>CO PROFESORADO</b>				
<b>Facilitar materiais e canalizar a información se precise a través do profesorado.</b>	X	X	X	Durante o curso
-Entrega de dossieres, folletos, guías do estudante.				
<b>Canalizar as demandas de asesoramento individualizado a través da titoría.</b>	X	X	X	Durante o curso
-Recollida de información do titor/a e resposta ás demandas realizadas.				
<b>Colaborar coa dirección do centro na posta en marcha dos cambios introducidos pola LOMLOE.</b>	X	X	X	Durante o curso
Deseño de itinerarios, documentos, etc				
<b>COAS FAMILIAS</b>				
<b>Asesorar sobre as opcións educativas dos seus fillos/as.</b>	X	X	X	3º
-Organización de xornadas informativas				Durante o curso
-Información cambios legislativos				

-Entrevistas individuais				
<b>Promoción das opcións formativas e o procedemento de Acreditación de Competencias para a poboación adulta.</b> -Entrevistas individuais cando se demande información e asesoramento individualizado sobre itinerarios educativos. -Inclusión de información no blog, páxina de face, charlas. -Resposta a consultas realizadas polos seguintes medios: entrevista presencial. Teléfono e, correo electrónico.	X	X	X	Durante o curso
<b>CON OUTROS PROFESIONAIS</b>				
<b>Potenciar os recursos do concello relacionados co emprego</b> Promoción dos servizos e derivación cando sexa preciso.	Durante o curso			



-Accións de promoción da Convivencia e a cultura de paz:	X	x	x	Segundo convocatoria
▼ difusión de concursos e proxectos, intercambios entre centros/países ...	x	x		
▼ proposta de dinámicas de cohesión grupal e actividades cooperativas nas titorías.	x			Durante o curso
▼ deseño dunha coreografía para os intercambios de clase de últimas horas.	x	x	x	1º
▼ inicio de prácticas restaurativas para facilitar a comunicación, a expresión de emocións e a resolución de conflitos: círculos proactivos e círculos reactivos.	x			Durante o curso
▼ proposta e inicio de Latribu, un grupo de influencers no centro que mobilizarán ao alumnado e mellorarán a convivencia.	x	x	x	Durante o curso
▼ proposta de actividades de centro que reforzan a convivencia e a práctica de condutas respetuosas: organizarán coa supervisión dos titores/as actividades para días conmemorativos, campañas de promoción de valores, xornadas de convivencia, entroido.	x	x	x	Durante o curso
▼ competencia emocionais interpersoais e convivencia:		x	x	1º 2º3º trimestre
- obradoiro de resolución de conflitos: técnicas restaurativas e/ou mediación	x	x		
- empatía		x		

- escoita activa	1º-2º	x		
-o conto segundo quen o conte	1º-2º	x		
- charla acoso escolar Arela	1º			
-fotografando a convivencia	1º	x		
-condutas infractores. Programa Katorce18	x	x		
-charlas interxeneracionais	2º			
*fálame da escola		x		
*fálame da emigración	4º	x		
	3º			
<b>Mellorar as competencias emocionais intrapersoais</b>	X	X	X	2º-3º trimestre
-Sesións sobre competencia emocional: importancia das emocións, conciencia emocional, relación das emocións con factores hormonais, hábitos vinculados ao benestar emocional, cando precisamos axuda.	1º	1º-2º		
-Regulación emocional: ansiedade e medo. Cando precisamos axuda. Donde nos poden axudar	2º-3º	1º-2º	x	
-Regulación emocional: obradoiro control da ansiedade.	4º-1º Bach			
<b>Concienciar dos riscos da rede e dar a coñecer como se navega de maneira segura.</b>				
-Plan Director/Pantallas amigas.	1º-2º			
-Aplicacións que todo alumna e alumno debe coñecer	1º-2º- 3º			
<b>Colaborar na proposta de medidas en contra do absentismo escolar.</b>	X	X		Cando xurda
-Seguemento de casos alertados en Primaria.				

-Apoio, asesoramento e intervención cando se demande. Derivación á UACO.				
<b>Sensibilizar sobre a violencia de xénero e reflexionar sobre as actitudes e comportamentos que favorecen a desigualdade de xénero coa finalidade última de ter unha actitude activa, responsable e respectuosa hacia os dereitos das mulleres e á relación respectuosa de homes-mulleres.</b>	X	X	X	
Desenvolvemento das actividades do Contrato Programa de Iguála-t:	X	X	X	
-Charla interxeneracional. Mandilóns violetas.	2º/3º	x		
-Charla Mabel Lozano: Tik tok Trata.	3º-4º	x		
-Xuizo violencia de xénero.	4º			
-As mulleres da nosa vida.	x	1º		
-Obradoiros afectivo-sexual.	2º/3º	x		
-Propostas iniciadas por Latribu.	x	x	x	
-Edureferentes. Proposta con dous talleres con mulleres referentes no seu ámbito laboral.	3º			
-Charla mulleres olímpicas.	x			
<b>Favorecer un adecuado desenvolvemento afectivo sexual, respectando a diversidade sexual.</b>				
-Obradoiro de educación afectivo sexual ATALAIAS. Sexualidade e conduta afectivo sexual: amor, afectividade, relacións románticas, relacións sexuais. (2 sesións).	2º			decembro
-Obradoiro de educación afectivo-sexual AGASEX: Saúde sexual, prevención de riscos. Conduta	3º	X		decembro

sexual: consentimento e violencias . (4 sesións).				
-Charla colectivo LGTBI. Diversidade: identidade de xénero, orientacións afectivo sexuais. Charla colectivo LGTBI. (1 sesión).	2º-3º	x		2º
-Abrindo portas. Elaboración de carteis con persoeiros do colectivo LGTBI para colgar nas portas. Afondamento nas achegas de persoas LGTBI en cada materia.	x	x		
<b>Coñecer diferentes diversidades, fomentar a empatía e unha mirada máis inclusiva.</b>				
-Campaña de sensibilización do TEL. Participación na campaña Regala palabras.	x	x		1º
-Charlas e propostas de diversidade sexual.	x	x		2º o 3º
-Charlas sobre dependencias, enfermidades e trastornos que levan a condutas de autolesión: alcolismo, suicidio.	3º-4º	x		2º o 3º
-Coñecemos o TDAH	x	x		2º
-Coñecemos o Síndrome de Tourette.	x	x		1º
-Experiencia de persoas con diversidade funcional motórica	x	x	x	
<b>Favorecer a adquisición de condutas e actitudes saudables a través do deseño, coordinación e participación nos seguintes programas/accións:</b>	X	X	X	
-Prevención de drogodependencias	2º-3º	x		2º
▼ Charla Alcólicos Anónimos	3º	x		2º
▼ Condutas aditivas	4º	x		2º
▼ Prevención do suicidio	3º			2º

▼ Charla sobre trastornos da conduta alimentaria				
<b>Desenvolver actitude solidaria e empatía con colectivos desfavorecidos desde unha posición activa (emprendemento social)</b>	X	X	1º Bach	Ao longo do curso
-Obradoiro “Todas e todos contamos”.	1º-2º			
-Charlas de ONG ou colectivos.	3º-4º	x		
-Competencias sociais interpersoais: Empatía, Escoita activa.	1º-2º	1º		
<b>Promocionar a cultura emprendedora.</b>	X	X	X	
-Proposta/promoción de actividades nas que o alumnado poida participar e/ou organizar.	x	x		Ano escolar
-Coñecemento de experiencias de persoas emprendedoras. Incluiremos mulleres e persoas con diversidade funcional.	x	x	x	2º ou 3º
-Difusión de experiencias, convocatorias de emprendedores.	x	x	x	Curso escolar 2º ou 3º
-Obradoiro emprendemento	4º			
